



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Sociolingüística		Código	613436008
Titulación	Mestrado Universitario en Lingüística e as súas Aplicacións			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Vazquez Veiga, Nancy	Correo electrónico	nancy.vazquez.veiga@udc.es	
Profesorado	Vazquez Veiga, Nancy	Correo electrónico	nancy.vazquez.veiga@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Nesta materia os estudantes familiarizaranse coas nocións básicas da Sociolingüística, tomarán conciencia da diversidade lingüística e de como se relaciona con múltiples fenómenos sociais, e de como organizan os repertorios lingüísticos en diferentes contextos, con especial atención á as situacións de contacto de linguas e variedades e á emerxencia e desenvolvemento dun sistema lingüístico mundial.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A2	O alumnado coñecerá as correntes actuais da lingüística.
A4	O alumnado será capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos á práctica.
A11	O alumnado dominará aspectos teóricos e prácticos relacionados coa investigación sociolingüística.
A12	O alumnado coñecerá e valorará a diversidade lingüística e cultural.
A14	O alumnado coñecerá o campo de investigación do bilingüismo.
B1	O alumnado desenvolverá habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador.
B2	O alumnado será capaz de integrar coñecementos de campos de estudo diversos.
B3	O alumnado aprenderá a aprender, de forma autónoma, como base da súa futura actividade investigadora.
B4	O alumnado será capaz de aplicar os seus coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos ou non familiares en contextos interdisciplinares.
B6	O alumnado desenvolverá habilidades de xestión da información para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.).
C5	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe				
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)		Competencias da titulación		
Coñecemento do panorama histórico, teórico e metodolóxico da Sociolingüística.		AI2	B11	
		AI4	BI2	
		AI11		
Coñecemento da relación entre a diversidade lingüística e diversos factores sociais.		AI4	BI2	CM5
		AI11	BI3	CM6
		AI12	BI4	
		AI14	BI6	



Coñecemento de diferentes situacións de contacto lingüístico.	AI4	B11	CM5
	AI11	B12	CM6
	AI12	B14	CM7
	AI14	B16	

Contidos	
Temas	Subtemas
Delimitación teórica e histórica da Sociolingüística	Ámbito da Sociolingüística. Diversidade de enfoques. Orixes.
Algúns conceptos básicos	Lingua, dialecto, sociolecto, rexistro, comunidade de fala, repertorio lingüístico, competencia comunicativa, etc.
Distribución espacial e social da diversidade lingüística e as diversas configuracións que adopta.	Solucións comunicativas nos espazos tradicionalmente multilingües. A estandarización das linguas como técnica e como ideoloxía. As linguas internacionais. A emerxencia dun sistema lingüístico mundial. As situacións de diglosia. As peculiaridades dos pidgins e criollos, etc.
Estudo específico do bilingüismo e do plurilingüismo, nas súas dimensións individual e social	Dimensións do bilingüismo. A conducta bilingüe.
Factores que inflúen no mantemento e substitución das linguas.	Revisión crítica dos factores que supostamente inciden no mantemento e substitución das linguas. Análise crítica do discurso ao redor deste tema.
A morte das linguas: revisión dos prognósticos efectuados para este século e análise dalgúns casos de revitalización.	Análise crítica do discurso ao redor da "morte" das linguas. Estudo dalgúns casos de revitalización.
Usos lingüísticos e na comunidade plurilingüe e as súas consecuencias.	Interferencias, alternancia de códigos, interlengua, fala estranxeira, etc.
As actitudes lingüísticas.	Que son, como se manifestan, como inflúen e como se investigan.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	2	4	6
Obradoiro	2	6	8
Lecturas	0	20	20
Sesión maxistral	9	7	16
Traballos tutelados	4	4	8
Proba mixta	2	13	15
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os alumnos discutirán de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que coordinados polo/a profesor/a.
Obradoiro	Combinaranse diversas metodoloxías/probas (basicamente, debates, solución de problemas e prácticas guiadas) a través da que o alumnado desenvolverá tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do/a profesor/a.
Lecturas	Conxunto de artigos e capítulos de libro seleccionados polo profesor para a preparación dos distintos contidos da materia.
Sesión maxistral	O profesor exporá os contidos xerais dos temas.



Traballos tutelados	<p>Informes das lecturas seleccionadas polo profesor, que requirirán unha lectura crítica dos distintos traballos. Deberán axustarse ao formato que se indica a continuación:</p> <p>Nome e apelidos Autor: Título: Fonte: Data de entrega:</p> <p>1) Sinala con claridade tres ideas do texto que considere útiles e/ou novidosas (especifique se as atopa útiles ou se as atopa novas).</p> <p>2) Cales son os puntos máis relevantes e/ou os argumentos máis poderosos nesta lectura? Atopa algunha debilidade ou algunha insuficiencia na argumentación? Que críticas formularía? (Extensión mínima: 400 palabras; extensión máxima: 800 palabras). IMPORTANTE: Non se trata de resumir a lectura (algo que será penalizado na cualificación), senón de reaccionar ante ela. Non debería haber máis de dous ou tres puntos relevantes en cada lectura; se lle saen máis, é que se está encamiñando cara ao resumo.</p> <p>3) Relacione esta lectura con algún outro texto que lese ou con algunha experiencia persoal, sinalando afinidades e/ou diferenzas.</p> <p>4) Formule tres preguntas que lle gustaría facerlle ao autor/a de este texto.</p> <p>5) Indique algún traballo mencionado na lectura que lle gustaría ler, e explique os motivos.</p> <p>6) Nunha escala de 1 (moi fácil) a 5 (moi difícil), sinala o grao de dificultade da lectura. Pode engadir os comentarios que lle parezan oportunos.</p> <p>7) Indique coa maior precisión posible: a) o tempo (en minutos) empregado na lectura deste texto; b) o tempo (en minutos) empregado na preparación deste informe.</p>
Proba mixta	Proba que integra preguntas abertas de desenvolvemento e preguntas obxectivas de resposta breve ou múltiple.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida Obradoiro Lecturas Traballos tutelados Proba mixta	Resolución de dúbidas sobre os contidos da materia. Comentarios individuais dos informes de lectura. Aclaración das preguntas formuladas nos informes de lectura. Tutorías de libre disposición.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Discusión dirixida	Os alumnos discutirán de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que coordinados polo/a profesor/a.	15
Obradoiro	Combinaranse diversas metodoloxías/probas (basicamente, exposicións, debates e solución de problemas) a través da que o alumnado desenvolverá tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do/a profesor/a.	15
Traballos tutelados	Informes das lecturas seleccionadas polo profesor, que requirirán unha lectura crítica dos distintos traballos. O profesor entregará un modelo de informe.	30
Proba mixta	Proba que integra preguntas abertas de desenvolvemento e preguntas obxectivas de resposta breve ou múltiple.	40

Observacións avaliación

<p>Segunda oportunidade (xullo):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aqueles estudantes que non teñan superado a materia e teñan asistido regularmente ás aulas e realizado un 60% das actividades propostas, terán que repetir únicamente aquelas actividades ou probas non superadas. - Nos casos restantes, serán avaliados pola realización dos traballos tutelados propostos polo/a profesor/a (100% da cualificación).

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	



Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías